

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 2 DE MAIO DE 2024

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día dous de maio de 2024, baixo a presidencia da Excma. Sra. Alcaldesa, D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D. MAURICIO VITORIO REPETTO MORBÁN, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o interventor xeral municipal, don Luis Ramón Vázquez Parga, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA E PLANIFICACIÓN DE CIDADE

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión da licenza urbanística para construción de nave industrial de produción de H2 verde, chamada "Edificio cine H2"; en parcela con centro de innovación norvento enerxía existente autorizado con licenzas 401/14 e 528/16, na rúa Ramón M^a Aller Ulloa, número 23, parcela T, Parque Empresarial as Gándaras (exp. 2023/Y001/000222).

Acórdase tomar razón da sentenza firme núm 519/2023, do 18/12/2023, ditada pola sección segunda da sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, e en consecuencia confirmar o acto recorrido adoptado por decreto 2409/2021, do 29/03/2021, en procedemento 2020/Y012/000065, de inicio da actividade de taller de mecánica do automóbil na Estrada Vella de Santiago, 34, presentada o 23/06/2021.

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS

2. FACENDA LOCAL.- Acórdase aprobar a solicitude de bonificación da taxa pola prestación de servizos urbanísticos e do imposto sobre construcións, instalacións e obras, referente á solicitude de licenza urbanística para modificacións en corte de vacún de leite e fosa de xurro no lugar de Gundín, Parroquia de Benade.

3. FOMENTO.- Acórdase aprobar o texto e proceder á sinatura do convenio entre o Excmo. Concello de Lugo e a Entidade Cafés Candelas, S.L., para a realización do Arde Lucus 2024.

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refº: ispac2526497386167147445.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 2-5-2024

Tamén se acorda aprobar o texto e proceder á sinatura do convenio entre o Excmo. Concello de Lugo e a Entidade Arenal Perfumerías, S.L.U., para a celebración do Arde Lucus 2024.

Así mesmo, acórdase aprobar o texto e proceder á sinatura do convenio entre o Excmo. Concello de Lugo e a Entidade Corporación Hijos de Rivera, S.L., para a realización do Arde Lucus 2024.

Do mesmo xeito, acórdase aprobar o texto e proceder á sinatura do convenio entre o Excmo. Concello de Lugo e a Entidade Calfensa Proyectos, S.L., para a realización do Arde Lucus 2024.

Acórdase aprobar o texto e proceder á sinatura do convenio entre o Excmo. Concello de Lugo e a Entidade Caixa Rural Galega, S.C.C.L.G., para a realización do Arde Lucus 2024.

ÁREA DE GOBERNO DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA

4. PARTICIPACIÓN E ATENCIÓN CIDADÁ.- Acórdase a inclusión da alta omitida e corrección de erro nos metros adxudicados na relación de persoas vendedoras do mercado tradicional 2024.

Asinado dixitalmente polo tenente de alcaldesa delegado da Área de Goberno de Transición Ecolóxica e concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.